**AXA ARQUEOLOXÍA, S.C.**

**PROXECTO: CONTROL ARQUEOLÓXICO E LIMPEZA BIOLÓXICA NO CAMPAMENTO ROMANO DE CIDADELA-SOBRADO DOS MONXES**

**SOBRADO DOS MONXES( A CORUÑA)**

# INFORME-MEMORIA

**PROMOTOR: CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**
**DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL**

**XULLO, 2010**

AXA
ARQUEOLOXIA

## DATOS TÉCNICOS DO PROXECTO :

**Proxecto técnico: Limpeza biolóxica no Campamento Romano de Cidadela**

**Promotor: Conselleria de Cultura e Deporte**
**Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**

**Proxecto arqueolóxico: D. Emilio Ramil González, director da intervención**

**Coordinador cientifico: D. Manuel Caamaño Gesto**

## SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN:

**Concello: Sobrado dos Monxes**

**Lugar: Cidadela**

**Enclave: Xacemento arqueolóxico. Ben inventariado**
**GA 15080019**

## - LOCALIZACIÓN DA ZONA OBXETO DO PROXECTO PRESENTADO.

**Localización.**

O Campamento romano de Cidadela localízase no entorno inmediato á igrexa parroquial de Santa María de Cidadella, concello de Sobrado dos Monxes, provincia de A Coruña, a 43º 05´05´´ Lat. Norte, e 8º 02´31´´ Lonx. Oeste.

Aséntase sobre unha altiplanicie de 480 metros de altitude, limitada ó lado oeste polo río Cabalar e polo sudeste polo río Pequeño. Está rodeado por unha cadea montañosa que é a Serra da Corda, cunha altitude que varía entre 552-601 metros.

O xacemento coñécese dende principios de século xx. García Romero(1. 909), chega a Cidadela e localiza restos que identifica como *Caranico*, mansión viaria da vía *Per Loca Maritima*, que segundo o Itinerario de Antonino ubícacase no tramo *Brigantium-Lucus.*

# PROXECTO ARQUEOLÓXICO:

## CONTROL ARQUEOLÓXICO E LIMPEZA BIOLÓXICA NO CAMPAMENTO ROMANO DE CIDADELA-SOBRADO DOS MONXES(A CORUÑA)

### ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA

**Ámbito normativo:**

- Lei do Patrimonio Cultural de Galicia
- Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolóxica na C. Autónoma de Galicia

**Resumo proxecto técnico: Control arqueolóxico e Limpeza biolóxica en toda a superficie do campamento. Utilizaronse medios mecánicos na área non escavada e duas desbrozadoras e medios manuais na área escavada.**

## RESULTADO DA INTERVENCIÓN

En relación á limpeza biolóxica o obxetivo dende o punto de vista de valoración patrimonial foi acadar unha adecuada limpeza, coa roza de toda a superficie do campamento, e a limpeza puntual dos restos estructurais e área excavada en anteriores intervencións arqueolóxicas.

Diferenciamos duas zonas de intervención:

a) –Area non escavada. Limpeza mecánica

b) – Estructuras, edificios, murallas e pavimentos exhumados en anteriores campañas de excavación. Limpeza manual.

O campamento é rectángular coas esquiñas redondeadas, de 172 m., de longo e 140 m., de ancho, o que equivale a unha extensión de 2, 40 Ha, as medidas idóneas para acoller no seu interior unha unidade quinquenaria, é decir, unha cohorte.

O sistema defensivo baséase nun foxo e unha muralla de 1, 15 metros de anchura feita de mampostería, coa cara interna coidada e a externa decoidada. A intervalos, a muralla presenta torres rectangulares proxectadas hacia o interior do campamento. Este sistema defensivo complementase con dous postos de vixianza ubicados ó norte e leste do campamento, na Serra da Corda(cadea montañosa que rodea o campamento).

O plan e método de traballo consistíu en realizar o control arqueolóxico da limpeza biolóxica que é un dos traballos que deben realizarse periodicamente e alomenos duas veces ó ano como medida preventiva e de conservación, ademais de que facilita o percorrido e comprensión do xacemento ós visitantes.

O crecemento incontrolado da vexetación propicia danos nas estruturas polo efecto das raíces e facilitan a instalación de animais como roedores, réptiles, etc., ademáis de atraer a auga e elevar a humidade.

Procedéuse a unha roza con máquina específica, de toda a superficie non escavada, e o uso de duas desbrozadotas manuais para limpar as zonas de difícil acceso para a máquina, como é o entorno inmediato á pasarela e á pequena edificación situada no campamento. Ademáis da limpeza manual de plantas enraizas entre as laxes dos muros e as lousas dos solos e pavimentos.

**Ferrol, 19 de xullo do 2. 010** **Asdo: Emilio Ramil González**

## CAMPAMENTO ROMANO DE CIDADELA



Máquina desbrozando o área non escavada







Limpeza con desbrozadora manual









Área escavada denantes realizar a limpeza biológica



Campamento rematada a limpeza